



Teaching Guide

| Identifying Data | | | | | 2021/22 |
|--------------------------|---|--------|------------------------|---------|---------|
| Subject (*) | Educación e linguas en Galicia | Code | 652610003 | | |
| Study programme | 9 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Música | | | | |
| Descriptors | | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits | |
| Official Master's Degree | 1st four-month period | First | Obligatory | 1.5 | |
| Language | Galician | | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | | |
| Prerequisites | | | | | |
| Department | Letras | | | | |
| Coordinador | Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano | E-mail | carlos.vizcaino@udc.es | | |
| Lecturers | Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano | E-mail | carlos.vizcaino@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| General description | Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación. | | | | |
| Contingency plan | <ol style="list-style-type: none"> Modifications to the contents Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified Mechanisms for personalized attention to students Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: Modifications to the bibliography or webgraphy | | | | |

Study programme competences / results

| Code | Study programme competences / results |
|------|--|
| A13 | (CE-G13) Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plan lingüístico do centro. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

Learning outcomes

| Learning outcomes | Study programme competences / results | | |
|--|---------------------------------------|--|-----|
| Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceptos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación | AJ13 | | |
| Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real | AJ13 | | CJ4 |



| | | | |
|---|------|--|-----|
| Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística. | AJ13 | | CJ1 |
| A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigente referida ao ensino de linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida | AJ13 | | CJ4 |

| Contents | |
|---|---|
| Topic | Sub-topic |
| Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe | A educación en contextos plurilingües Como apostamos polo plurilingüismo? |
| A situación sociolingüística da lingua galega | Coñecemento e uso da lingua galega Actitudes e preconceitos sobre as linguas. O caso galego Ameazas e fortalezas da lingua galega |
| As linguas no sistema educativo galego | A lexislación lingüística no sistema educativo A competencia lingüística A formación lingüística Referentes e compromisos |
| O papel dos centros educativos na planificación lingüística | A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación O proxecto lingüístico de centro Os equipos de normalización e dinamización lingüística |

| Planning | | | | |
|--------------------------------|------------------------|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies / Results | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Online forum | A13 C1 C4 | 0.5 | 4 | 4.5 |
| Workbook | A13 | 1 | 13.5 | 14.5 |
| Guest lecture / keynote speech | A13 | 3.5 | 0 | 3.5 |
| Long answer / essay questions | A13 C1 C4 | 0 | 4 | 4 |
| Case study | A13 | 10 | 0 | 10 |
| Personalized attention | | 1 | 0 | 1 |

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies | |
|--------------------------------|--|
| Methodologies | Description |
| Online forum | Na plataforma Moodle abrírase un espazo virtual de discusión e de aprendizaxe colaborativa en que se construíra conxuntamente un glosario de termos especializados, se incorporarán ligazóns de interese relacionada cos contidos da materia e terán lugar discusións asíncronas dirixidas polo docente. |
| Workbook | Elaboración de dous informes sobre as lecturas obrigadas e realización de comentarios retroalimentadores dos informes realizados polas outras persoas. |
| Guest lecture / keynote speech | Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia. |
| Long answer / essay questions | Realízase unha proba escrita de ensaio en que o alumnado deberá pór en relación, de maneira argumentada e crítica, un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais. |
| Case study | Nas sesións interactivas realizaranse supostos prácticos (i) de actuación sobre os marcos de pensamento ocultos que condicionan a atribución de valores negativos a unha lingua, (ii) de planificación lingüística nos centros de ensino e (iii) de análise, revisión crítica e proposición de alternativas de mellora dun proxecto lingüístico de centro. |

| Personalized attention | |
|------------------------|-------------|
| Methodologies | Description |



| | |
|--------------------------|---|
| Online forum Workbook | <p>O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbidas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas.</p> <p>Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia mentres esta se desenvolver.</p> |
|--------------------------|---|

| Assessment | | | |
|-------------------------------|------------------------|---|---------------|
| Methodologies | Competencies / Results | Description | Qualification |
| Online forum | A13 C1 C4 | Participación através do Moodle na construción dun glosario, nas discusións dirixidas asíncronas e na achega de ligazóns de interese. | 30 |
| Workbook | A13 | Elaboración de informes de lectura segunda as pautas fornecidas polo docente e achega de comentarios retroalimentadores aos informes das/dos compañeiras/os. | 10 |
| Long answer / essay questions | A13 C1 C4 | Proba escrita en que haberá que relacionar de maneira crítica e con argumentos madurecidos un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais. | 30 |
| Case study | A13 | Elaboración de supostos prácticos, individual e/ou grupalmente. | 30 |

| Assessment comments |
|--|
| <p>Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.</p> <p>Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará na plataforma Moodle.</p> <p>O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesor.</p> <p>Este alumnado deberá realizar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.</p> <p>Para superar a materia, será condición indispensable ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva.</p> <p>As persoas que se presentaren á segunda oportunidade (xullo) deberán entregar, antes da data marcada aos efectos de avaliación pola Facultade de Educación, os traballos que non tiveren superados, ben como realizar a proba de ensaio (caso non ter atinxido 4 valores sobre 10 na primeira oportunidade ou non a ter realizado).</p> <p>Será considerado NON PRESENTADA aquela persoa que non realizar os estudos de casos e a proba obxectiva.</p> <p>Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio e/ou presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se produciran algunhas destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.</p> |



Sources of information

| | |
|-----------------------------|---|
| <p>Basic</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de Plurilingüismo. Ames: Laiovento - Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia - Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Xunta de Galicia (2005). Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Skutnabb-Kangas, T. (2011). "Resultados de crecemento e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?" en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC - Xunta de Galicia (2007). Planificación lingüística nos centros de ensino 2007. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Subiela e Fente (2012). "Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino", en A letra miúda nº 1. Santiago de Compostelas: GENDL - Asorey Vidal (). "O ensino en territorios con conflito lingüístico", Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904. - Iglesias Álvarez (2012). "Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos", A letra miúda nº 1 (2012).. Santiago de Compostelas: GENDL |
| <p>Complementary</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro. Vigo: Galaxia - Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni - Díaz García et alii (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas. Santa Comba: tresCtres - Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º de ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago de Compostela: USC - Freixeiro Mato, X. R. (2002 (1997)). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laiovento - Monteagudo, H. / Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación. Compostela: Consello da Cultura Galega - Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates - Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC - Calvet, L. J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laiovento - García Plata, Ignasi (). "A planificación lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya", A letras miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL. Santiago de Compostelas: GENDL - Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega - Sanmartín Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC - Subiela (2009). "Democracia e política lingüística en Galiza", en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Pontevedra: Cumio |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



Recoméndase o envío dos traballos telematicamente e, se non é posíbel, non empregar plásticos, escoller a impresión a dupla cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, ben como ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e prrofesionais.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.